

# 4

## MOVIMENTOS MIGRATORIOS GALICIA - RESTO DO MUNDO



ESTE CUARTO capítulo ten como obxectivo levar a cabo unha análise dos fluxos migratorios de Galicia fóra de España, o que se define como inmigración e emigración exterior ou entradas e saídas de residentes do/ó estranxeiro. Este capítulo comeza cunha análise da inmigración, tanto da súa evolución como das súas características, para pasar posteriormente a analiza-los fluxos de emigración e de retornados.

Os continxentes más numerosos de inmigrantes en Europa localízanse en Alemania (6,9 millóns), Francia (3,6 millóns), o Reino Unido (2 millóns) e Bélgica (0,9 millóns). Sen embargo, máis representativo que o número de inmigrantes é a importancia relativa que este volume de inmigrantes ten sobre o total da poboación dos diferentes países. Facendo a citada comparación en relación á poboación no ano 1997, obsérvase a incidencia que a inmigración ten sobre países como Luxemburgo ou Suíza. A media dos países integrantes do Espacio Económico Europeo é do 4,9%, polo que os países do sur da Unión Europea (España, Italia, Grecia e Portugal), con menos de

dous estranxeiros por cada cen habitantes, están situados por debaixo desa media. En definitiva, do conxunto de inmigrantes desprazados fóra dos seus países de orixe en todo o mundo, só o 20%, aproximadamente, reside en países europeos, dos que ó redor do 2,5% está afincado legalmente en España.

No que se refire á mobilidade entre países da Unión Europea, só 225.000 persoas, é dicir o 0,1% da poboación total da Unión Europea, trasladou a súa residencia oficial a outro país no 2000, e só o 1,2% instalouse noutra rexión no 1999. En comparación, no ano 1999 nos Estados Unidos o 5,9% da poboación total cambiou de residencia entre condados, case cinco veces máis que na UE.


O **adro 4.1.** mostra a evolución desde 1996 ata o ano 2001 do volume de inmigrantes en España, desagregado por comunidades autónomas. Nesteadro obsérvase non só o volume de inmigración, senón tamén o incremento anual así como o crecemento medio nas diferentes autonomías españolas de inmigrantes no período analizado.

CADRO 4.1.

## Estraneiros residentes en España 1996-2001

	1996	1997	97/98	1998	98/97	1999	99/98	2000	00/99	2001	01/00	Crescemento 1996-2001
<b>Andalucía</b>	70.725	83.943	18.69	95.970	14.33	109.129	13.71	132.428	21.35	157.157	18.67	122.21
Aragón	6.290	9.747	54.96	11.877	21.05	15.449	30.07	17.590	9.88	25.001	42.13	297.47
Asturias	6.515	7.483	14.86	8.682	16.02	9.522	-3.56	9.519	-0.03	10.386	9.23	59.60
Baleares	30.709	32.051	4.37	40.399	26.05	38.959	-0.73	45.772	17.49	47.588	3.97	54.97
Canarias	56.233	58.890	4.72	68.848	16.91	68.347	4.546	77.594	13.53	87.483	12.74	55.57
Cantabria	3.078	3.469	12.70	3.910	12.71	16.27	5.388	18.52	6.480	20.27	110.53	
Castela - A Mancha	6.670	9.347	40.13	11.374	21.69	12.739	12.00	15.835	24.30	22.451	41.78	236.60
Castela e León	15.011	17.422	16.06	20.113	15.45	22.908	13.90	24.338	6.24	30.262	24.34	101.60
Cataluña	114.264	124.550	9.00	148.803	19.47	183.736	23.48	214.996	17.01	280.167	30.31	145.19
Com. Valenciana	53.952	64.821	8.12	69.972	7.95	80.564	15.18	86.894	7.94	101.368	16.52	69.08
Extremadura	4.516	7.266	60.89	9.063	24.73	9.784	7.96	10.508	7.40	12.535	19.29	177.51
Galicia	17.615	19.241	9.23	21.140	9.87	22.523	6.54	24.141	7.18	26.612	10.24	51.08
Madrid	111.116	115.983	4.38	148.070	27.67	158.885	7.30	162.985	2.58	231.295	41.91	108.16
Murcia	7.939	9.643	21.46	15.731	63.13	16.319	3.74	22.823	39.86	27.512	20.55	246.54
Navarra	4.693	3.35	4.850	6.385	31.65	8.151	27.35	11.002	35.31	9.560	-13.11	
Pais Vasco	13.135	15.647	19.12	16.995	8.62	18.622	9.57	18.822	1.07	19.515	3.68	48.57
A Rioxa	1.893	2.530	33.66	3.253	28.58	4.768	46.57	5.915	24.06	7.488	26.59	295.56
Ceuta	775	903	16.52	1.196	32.45	3.439	187.54	2.150	-37.48	2.025	-5.81	161.29
Meillha	1.054	594	-49.64	1.054	77.44	3.038	183.24	3.424	12.71	3.618	5.67	243.26
Erros en CCAA	6.801	21.433	215.14	16.812	-21.56	9.881	-41.17	3.496	-64.65	544	-84.44	-32.00
<b>Total</b>	<b>538.984</b>	<b>609.813</b>	<b>13.14</b>	<b>719.647</b>	<b>18.01</b>	<b>801.329</b>	<b>11.35</b>	<b>895.720</b>	<b>11.78</b>	<b>1.109.060</b>	<b>23.82</b>	<b>105.77</b>

Fonte: INE; Estraneiros residentes en España; Ministerio del Interior, Balance 2001



Obsérvase como o volume total de inmigrantes en Galicia no ano 2001 é de 26.612, o que supón o 2,39% do total de inmigrantes do Estado español nese ano. Esta cantidade contrasta co volume de inmigrantes de comunidades como Cataluña, Madrid ou Andalucía, onde se asenta respectivamente o 25,2%, o 20,8% e o 14,1% da inmigración total española. Galicia sitúase no noveno lugar en canto a volume de inmigrantes do Estado español, por encima de comunidades como o País Vasco ou Aragón.

### Evolución da inmigración en Galicia

Os datos permiten analiza-la evolución da entrada de inmigrantes en Galicia no período 1996-2001 en comparación con outras comunidades autónomas. Neste senso no ano 1996 había 17.615 estranxeiros residindo legalmente en Galicia, o que supoñía o 3,2% do total estatal, lonxe das porcentaxes de comunidades autónomas como Cataluña (21,1%), Madrid (20,6%) ou Andalucía (13,1%), entre outras.

A evolución do volume de residentes estranxeiros na comunidade galega ó longo de toda a serie é ascendente, producíndose en tódolos anos analizados variacións positivas do número de residentes estranxeiros. Sen embargo, hai que ter en conta que, ainda que positivas, as taxas de incremento anuais do número de estranxeiros residentes están moi por debaixo, en tódolos anos, da taxa de incremento estatal.

A porcentaxe de residentes estranxeiros en Galicia no ano 2001 é do 2,39% do total estatal, por debaixo da acadada no ano 1996, o que pode vir explicado por unha das características fundamentais da inmigración en España: a súa concentración. A desigualdade existente entre comunidades autónomas en canto ó seu nivel de renda así como en canto os indicadores de actividade económica é un factor explicativo fundamental das diferencias no volume de residentes estranxeiros.

A clasificación feita nos parágrafos anteriores das comunidades en canto ó volume total de inmigrantes de cada unha delas varía ó teren en conta o crecemento das entradas de inmigrantes

nas diferentes comunidades nos anos 1996-2001. Neste senso, a última columna do **adro 4.1.** mostra que os maiores crecementos se dan en Aragón, A Rioxa e Murcia, mentres Galicia, cun crecemento na serie do 51,08%, situase só por encima do País Vasco.

Desde un punto de vista provincial, Pontevedra é a provincia galega cun maior volume de residentes estranxeiros, tal como se observa no **adro 4.2.**, co 38,9% dos estranxeiros residentes en Galicia, seguida da provincia de A Coruña, co 27,6%, Ourense, co 20%, e Lugo, co 13,3% do total da comunidade.

Antes de pasar a analizar pormenorizadamente as características dos residentes estranxeiros en Galicia, cómpre ter en conta non só as cifras absolutas, senón tamén a relativización das mesmas considerando a poboación de cada unha das catro provincias galegas así como de Galicia en conxunto.

No devandito **adro 4.2.**, pódese observar en primeiro lugar como en España, a pesar de aportar o 10,8% á poboación total da UE, só residen o 3,3% dos estranxeiros da Unión. Esta mesma desigualdade obsérvase nas cifras de Galicia en relación a España. Así, a poboación galega representa en xaneiro do 2001 o 6,65% da poboación total estatal, mentres que o volume de residentes estranxeiros na comunidade significa o 2,4% dos contabilizados a nivel estatal.

A nivel provincial, Ourense e Pontevedra teñen unha maior porcentaxe de residentes estranxeiros que de poboación en relación ós totais galegos, A Coruña sitúanse no estremo oposto, con porcentaxes de residentes estranxeiros inferiores á porcentaxe de poboación, mentres que Lugo mantién a mesma porcentaxe de poboación e estranxeiros respecto ó total galego.

Neste senso, a provincia de A Coruña é a segunda en importancia en canto ó volume absoluto de residentes estranxeiros, mentres que en termos relativos a porcentaxe de estranxeiros residentes en relación ó total galego é 12,86 puntos inferior á porcentaxe de participación na poboación.

**CADRO 4.2.****Volume de estranxeiros residentes e poboación total 2001**

	Etranxeiros	Poboación total	%
<b>U.E.</b>	32.950.648	377.988.000	8,72
<b>España</b>	1.109.060	41.116.842	2,70
<b>Galicia</b>	<b>26.612</b>	<b>2.732.926</b>	<b>0,97</b>
A Coruña	7.366	1.108.002	0,66
Lugo	3.545	364.125	0,97
Ourense	5.337	344.623	1,55
Pontevedra	10.364	916.176	1,13
%			
España/ U.E	3,37	10,88	
Galicia/España	2,40	6,65	
A Coruña/ Galicia	27,68	40,54	
Lugo/ Galicia	13,32	13,32	
Ourense/ Galicia	20,05	12,61	
Pontevedra/ Galicia	38,94	33,52	

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do INE, Eurostat e Ministerio del Interior

ción total. No extremo oposto están as provincias de Pontevedra e Ourense, con porcentaxes de estranxeiros maiores ás porcentaxes de poboación en 5,4 e 7,4 puntos, respectivamente.

### Nacionalidades e zonas de distribución


Para fixar unha primeira liña de demarcación, en primeiro lugar faise unha segmentación entre os residentes estranxeiros pertencentes á Unión Europea, e os nacionais do resto de países. Os **cadros 4.3. e 4.4.** mostran como dos 22.523 estranxeiros documentados no ano 1999 en Galicia, o 50,7% (11.431) procedían da Europa comunitaria, mentres que o 49,3% correspondía a nacionais de países non comunitarios (11.092). A nivel estatal as porcentaxes de estranxeiros procedentes ou non de países comunitarios son respectivamente do 44,1% e do 55,9%. Polo tanto, obsérvase como a porcentaxe de estranxeiros procedentes de países comunitarios en Galicia é superior á estatal. Comparando estas porcentaxes coas existentes no ano anterior, obsérvase como a porcentaxe de residentes comunitarios no ano 1998 en Galicia era do 54,8% e en España do 41%. Polo tanto, mentres que a porcentaxe de residentes comunitarios se incrementa a nivel estatal, a nivel galego se reduce no período analizado.

Dentro dos residentes procedentes da Europa comunitaria en Galicia, sobresaen, dun xeito importante, os nacionais portugueses, con máis do 72% do total de residentes comunitarios. Dos 8.255 residentes de nacionalidade portuguesa en Galicia no ano 1999, o 40,7% estaba censado na provincia de Pontevedra e o 31,9% na de Ourense. Por outra banda, ademais de se-lo colectivo de inmigrantes máis importante da comunidade, os nacionais lusos que viven en Galicia representan o 18,7% dos portugueses residentes no Estado español. Neste senso, a oficina Eures transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal trata de dar resposta ás necesidades de información ligadas á mobilidade fronteiriza de empresarios e traballadores.

Despois dos residentes de nacionalidade portuguesa, os colectivos de nacionais comunitarios más importantes en Galicia son os italianos e franceses, con 803 e 681 residentes, respectivamente, o que representa o 7% e o 5,9% dos residentes comunitarios en Galicia.

No que respecta ós nacionais de países extra-comunitarios, o colectivo cun maior número de residentes é o que provén do continente americano, 7.371 persoas, e concretamente de Iberoamérica, 6.503 persoas, o 58,6% dos residentes non comunitarios en Galicia, e o 28,8% dos residentes

## MOVIMENTOS MIGRATORIOS EN GALICIA



### CADRO 4.3.

**Estranxeiros residentes clasificados por nacionalidade e provincia de residencia 1998**

	Total	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia/ España
							%
<b>Europa</b>	330.528	12.198	2.300	1.660	3.532	4.706	3,69
<b>UE-15</b>	295.259	11.595	2.012	1.605	3.473	4.505	3,93
Alemania	58.089	477	159	22	57	239	0,82
Austria	3.521	29	14	2	2	11	0,82
Bélgica	11.997	103	50	9	5	39	0,86
Dinamarca	5.686	40	19	-	4	17	0,70
Finlandia	4.303	14	7	-	-	7	0,33
Francia	39.504	634	184	64	87	299	1,60
Grecia	769	16	3	-	4	9	2,08
Irlanda	3.293	92	28	13	8	43	2,79
Italia	26.514	708	278	81	116	233	2,67
Luxemburgo	219	2	1	-	1	-	0,91
Países Bajos	16.144	142	40	11	13	78	0,88
Suecia	8.491	25	10	1	2	12	0,29
Portugal	42.310	8.644	896	1.324	3.142	3.282	20,43
Reino Unido	74.419	669	323	78	32	236	0,90
Resto Europa	35.269	603	288	55	59	201	1,71
<b>América</b>	147.200	6.414	2.236	855	1.088	2.235	4,36
<b>América do Norte</b>	16.997	819	430	103	76	210	4,82
<b>Iberoamérica</b>	130.203	5.595	1.806	752	1.012	2.025	4,30
<b>Asia</b>	60.714	584	199	69	100	216	0,96
<b>Africa</b>	179.487	1.895	517	335	204	839	1,06
<b>Oceanía</b>	1.023	37	15	2	5	15	3,62
<b>Apátridas e nacionalidade descoñecida</b>	695	12	4	4	2	2	1,73
<b>Total</b>	<b>719.647</b>	<b>21.140</b>	<b>5.271</b>	<b>2.925</b>	<b>4.961</b>	<b>8.013</b>	<b>2,94</b>

Fonte: INE, *Extranjeros residentes en España*

### CADRO 4.4.

**Estranxeiros residentes clasificados por nacionalidade e provincia de residencia 1999**

	Total	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia/ España
							%
<b>Europa</b>	353.556	12.143	2.694	1.525	3.028	4.896	3,43
<b>UE-15</b>	312.203	11.431	2.346	1.478	2.952	4.655	3,66
Alemania	60.828	520	177	20	60	263	0,85
Austria	3.546	26	16	2	2	6	0,73
Bélgica	13.055	114	56	8	3	47	0,87
Dinamarca	5.804	47	25	1	4	17	0,81
Finlandia	4.811	20	12	-	-	8	0,42
Francia	43.265	681	215	60	75	331	1,57
Grecia	978	25	8	-	5	12	2,56
Irlanda	3.583	79	32	6	5	36	2,20
Italia	29.871	803	351	79	117	256	2,69
Luxemburgo	231	2	1	-	1	-	0,87
Países Bajos	17.243	149	46	10	13	80	0,86
Suecia	8.548	33	15	1	2	15	0,39
Portugal	44.038	8.255	1.022	1.234	2.636	3.363	18,75
Reino Unido	76.402	677	370	57	29	221	0,89
Resto Europa	41.353	712	348	47	76	241	1,72
<b>América</b>	166.709	7.371	2.752	976	1.089	2.554	4,42
<b>A. Do Norte</b>	17.138	868	485	95	73	215	5,06
<b>Iberoamérica</b>	149.571	6.503	2.267	881	1.016	2.339	4,35
<b>Asia</b>	66.340	675	245	97	76	257	1,02
<b>Africa</b>	213.012	2.279	644	395	185	1.055	1,07
<b>Oceanía</b>	1.013	41	19	1	7	14	4,05
<b>Apátridas e nacionalidade descoñecida</b>	699	14	4	4	1	5	2,00
<b>Total</b>	<b>801.329</b>	<b>22.523</b>	<b>6.358</b>	<b>2.998</b>	<b>4.386</b>	<b>8.781</b>	<b>2,81</b>

Fonte: INE, *Extranjeros residentes en España*

## CADRO 4.5.

*Porcentaxe de variación do nº de estranxeiros residentes por provincia de residencia e nacionalidade. 1998-1999*

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
			%		
UE 15	-1,41	16,60	-7,91	-15,00	3,33
Resto Europa	18,08	20,83	-14,55	28,81	19,90
América do Norte	5,98	12,79	-7,77	-3,95	2,38
Iberoamérica	16,23	25,53	17,15	0,40	15,51
Asia	15,58	23,12	40,58	-24,00	18,98
Africa	20,26	24,56	17,91	-9,31	25,74
Oceania	10,81	26,67	-50,00	40,00	-6,67
Apátridas e nacionalidade descoñecida	16,67	0,00	0,00	-50,00	150,00
<b>Total</b>	<b>6,54</b>	<b>20,62</b>	<b>2,50</b>	<b>-11,59</b>	<b>9,58</b>

Fonte: INE, *Extranjeros residentes en España*

estranxeiros totais en Galicia no ano 1999. O maior número de residentes iberoamericanos en Galicia concéntrase nas provincias de Pontevedra (35,9%) e A Coruña (34,8%). Os residentes iberoamericanos en Galicia representan o 4,3% dos residentes totais desta nacionalidade en España.

Por último, cabe destaca-la escasa importancia dos nacionais africanos, que representan só o 1,07% dos residentes desta orixe a nivel estatal. Estes residentes representan o 20,5% dos residentes estranxeiros non comunitarios e o 10,1% dos residentes estranxeiros totais en Galicia no ano 1999 e concéntranse fundamentalmente na provincia de Pontevedra, onde reside o 46,2% dos cidadáns africanos afincados na comunidade.

Dun xeito xeral, e no que respecta á evolución do número de residentes das diferentes nacionalidades en Galicia, destaca o incremento no número de residentes estranxeiros no ano 1999 respecto ó ano anterior, agás dos estranxeiros procedentes de países da Unión Europea, que descenderon un 1,4%, tal como se mostra no **cadro 4.5.** Pola súa banda, o colectivo de estranxeiros non comunitarios incrementouse nun 16,2%. Dentro deste grupo, o maior incremento no período correspondeu ós africanos, cun incremento do 20,3%. O número de residentes estranxeiros no conxunto de Galicia incrementouse nun 6,5% no período sinalado.


No que respecta ás características dos residentes estranxeiros en Galicia, o primeiro que

cómpre ter en conta é o volume en función dos distintos grupos de idade (**cadro 4.6.**), xa que así é posible ter unha idea aproximada sobre o carácter económico ou non da inmigración en Galicia.

Neste senso, o 51,3% dos estranxeiros residentes en Galicia no ano 1999 tiñan entre 25 e 44 anos. Ademais, os estranxeiros en idade activa, é dicir, entre 16 e 64 anos, supuñan o 82,5% do total, mentres que os menores de 16 anos e maiores de 65 só representaban o 17,4%. Polo tanto, baseándose exclusivamente na estructura de idade citada, pódese sostener a cualificación de económica da inmigración a Galicia. Esta mesma estructura de idades é a que se reflicte dos datos do ano 1998, expostos no devandito **cadro 4.6.**

Desagregando a análise a nivel provincial, tal como se sinalou anteriormente é a provincia de Pontevedra a que recibe un maior número de residentes estranxeiros. Sen embargo, se se ten en conta a porcentaxe de residentes en idade activa, a provincia de Pontevedra queda relegada ó último lugar, co 70,8% dos residentes estranxeiros totais dentro da provincia, por detrás de Lugo, co 83,3%, A Coruña, co 83,2%, e Ourense, co 81,9% .

En canto á evolución do número de residentes estranxeiros en Galicia por grupos de idades, no conxunto de Galicia o grupo de idade que máis creceu no ano 1999 respecto ó ano anterior é o de menores de 16 anos (14,2%), seguido do de 45 a 65 anos (11,2%). É destacable tamén o feito de que se produciu un retroceso do 0,2% no número de



## CADRO 4.6.

*Estranxeiros residentes por provincias e grupos de idade*

		1999				
		Total	Menos de 16 anos	De 16 a 24 anos	De 25 a 44anos	De 45 a 64 anos
<b>España</b>		801.329	93.229	97.323	384.153	153.840
<b>Galicia</b>		22.523	1.839	2.769	11.563	4.261
A Coruña		6.358	536	727	3.369	1.197
Lugo		2.998	345	491	1.620	388
Ourense		4.386	292	561	2.173	859
Pontevedra		8.781	666	990	4.401	1.817
						907
		1998				
		Total	Menos de 16 anos	De 16 a 24 anos	De 25 a 44anos	De 45 a 64 anos
<b>España</b>		719.647	77.036	81.203	352.404	139.731
<b>Galicia</b>		21.140	1.610	2.567	11.035	3.832
A Coruña		5.271	412	589	2.888	925
Lugo		2.925	323	451	1.615	385
Ourense		4.931	268	657	2.479	903
Pontevedra		8.013	607	870	4.053	1.619
						864
		99/98				
		Total	Menos de 16 anos	De 16 a 24 anos	De 25 a 44anos	De 45 a 64 anos
<b>España</b>		11,35	21,02	19,85	9,01	10,10
<b>Galicia</b>		6,54	14,22	7,87	4,78	11,20
A Coruña		20,62	30,10	23,43	16,66	29,41
Lugo		2,50	6,81	8,87	0,31	0,78
Ourense		-11,05	8,96	-14,61	-12,34	-4,87
Pontevedra		9,58	9,72	13,79	8,59	12,23
						4,98

Fonte: INE, Extranjeros residentes en España

immigrantes de máis de 65 anos. Unha análise desta evolución a nivel provincial revela a non existencia dunha liña de evolución homoxénea nas catro provincial galegas. Así, na provincia de A Coruña prodúcense incrementos de tódolos grupos de idade por encima da media galega, destacando o incremento do 30,1% do grupo de menos de 16 anos, así como o incremento do 15,7% do grupo de máis de 65 anos. No extremo oposto sitúase a provincia de Ourense, con reduccións no número de individuos de tódalas categorías de idade, agás no grupo de menos de 16 anos, que creceu un 8,9%. Destaca o descenso do 19,7% no número de estranxeiros residentes na provincia con máis de 65 anos.

Unha segunda caracterización do grupo de residentes estranxeiros ven dada polo sexo dos mesmos. Así, o 47,3% dos residentes estranxeiros en Galicia no ano 1999 eran mulleres, polo tanto, unha porcentaxe lixeiramente inferior á de homes, o que segue a liña do Estado español, onde a por-

centaxe de mulleres é do 46,8% do total. O mesmo tempo, das catro provincias galegas, só A Coruña ten unha porcentaxe de mulleres estranxeiras residentes maior á de homes, aínda que as porcentaxes de ambos sexos non difiren demasiado (**cadro 4.7.**).

Tendo en conta, ademais do sexo, a distribución entre réxime xeral e comunitario, a porcentaxe de mulleres adscritas ó réxime comunitario é do 48,1%, lixeiramente superior á de homes, o 47,8%, correspondendo a porcentaxe restante ó grupo de sexo descoñecido. No que respecta ós estranxeiros adscritos ó réxime xeral, a porcentaxe de mulleres é inferior á de homes, co 45,2% e o 53,8%, respectivamente (**cadro 4.7.**).


No que atinxe á evolución no período 1998-1999, é salientable o feito de que producíronse maiores incrementos nas entradas de residentes femininos que masculinos. Para o total de Galicia o incremento no número de mulleres foi do 13,3%

CADRO 4.7.

## Extranxeros residentes clasificados por provincia de residencia e tipo de réxime e sexo

	Total	Varóns	Mulleres	Sexo desconocido	Réxime xeral			Réxime comunitario			Sexo desconocido
					Total	Varóns	Mulleres	Sexo desconocido	Total	Varóns	
<b>1999</b>											
España	801.329	408.774	375.078	17.477	382.955	211.561	164.572	6.822	418.374	197.213	210.506
Galicia	22.523	11.141	10.673	709	5.976	3.220	2.703	53	16.547	7.921	7.970
A Coruña	6.358	3.017	3.294	47	1.873	993	877	3	4.485	2.024	2.417
Lugo	2.998	1.500	1.327	171	946	456	463	27	2.052	1.044	864
Ourense	4.386	2.159	2.055	172	711	337	365	9	3.675	1.822	1.690
Pontevedra	8.781	4.465	3.987	319	2.446	1.434	998	14	6.335	3.031	2.999
España	719.647	359.899	334.612	25.136	338.720	183.238	143.339	12.143	380.927	176.661	191.273
Galicia	21.140	10.229	9.434	1.477	5.299	2.902	2.219	178	15.841	7.327	7.215
A Coruña	5.271	2.577	2.602	92	1.490	837	640	13	3.781	1.740	1.962
Lugo	2.925	1.351	1.204	370	799	363	382	54	2.126	988	822
Ourense	4.931	2.358	2.160	413	834	421	386	27	4.097	1.937	1.774
Pontevedra	8.013	3.943	3.468	602	2.176	1.281	811	84	5.837	2.662	2.657
España	99/98	11.35	13.558	12.09	-30.47	13.06	15.46	%	14.81	-43.82	9.83
Galicia	6.54	8.92	13.13	-52.00	12.78	10.96	21.81	-70.22	4.46	8.11	10.46
A Coruña	20.62	17.07	26.59	-48.91	25.70	18.64	37.03	-76.92	18.62	16.32	-49.50
Lugo	2.50	11.03	10.22	-53.78	18.40	25.62	21.20	-50.00	-3.48	5.11	-44.30
Ourense	-1.105	-8.44	-4.86	-58.35	-14.75	-19.95	5.44	-66.67	-10.30	-5.94	-54.43
Pontevedra	9.58	13.24	15.25	-47.01	12.41	11.94	23.06	-83.33	8.53	13.86	-57.77
											-41.12
											12.87

Fonte: INE. Extranjeros residentes en España



mestres que o de homes foi do 8,9%, o que contrasta cas porcentaxes a nivel estatal, onde o incremento no número de mulleres (12%) foi inferior ó de homes (13,5%) no período sinalado.

No **cadro 4.7.** obsérvase a clasificación dos estranxeiros residentes en Galicia en función do tipo de réxime ó que están adscritos. Neste senso, e tendo en conta que o réxime comunitario inclúe ós nacionais de países membros da U.E. e ós seus familiares, o 73,5% (16.547) dos estranxeiros residentes en Galicia no ano 1999 están adscritos ó réxime comunitario, pertencendo ó réxime xeral o 26,5% restante (5.976).

Dentro do estatuto xurídico xeral, establecen tres grandes tipos de permisos de traballo: os permisos de traballo por conta allea, “outros permisos” e as autorizacións laborais e outros documentos que autorizan a traballar. Son nestas últimas onde se inclúen ós estudiantes e asilados, entre outros. Neste senso, os estudiantes poderán excepcionalmente ser autorizados a realizar actividades lucrativas, sempre que sexan compatibles coa realización dos seus estudos e os ingresos obtidos non teñan o carácter de recurso necesario para o seu sustento e estancia. No conxunto do Estado español no ano 1999 había 709 estudiantes estranxeiros residentes, dos que o 61,7% eran homes. O 46% do total estaba en idades comprendidas entre os 25 e os 44 anos (**anexos 27 e 28**).

No que respecta ós asilados, o documento de identidade dos refuxiados e dos familiares ós que se lle concedera a extensión familiar habilita para o exercicio de calquera actividade lucrativa laboral ou profesional.

### Actividade laboral

O número de traballadores estranxeiros experimentou unha evolución positiva do 11,7%, pasando de 2.544 traballadores en 1998 a 2.844 traballadores en 1999, dato que contrasta coa evolución que experimenta nese período a poboación inmigrada: a poboación estranxeira residente total en Galicia é un 6,5% maior á do ano anterior, sendo o incremento do 12,7% se se considera só a

que afecta ó estatuto xeral (5.299 en 1998, 5.976 en 1999) e do 4,4% dos estranxeiros adscritos ó réxime comunitario (15.841 en 1998, 16.547 en 1999) (**cadro 4.8.**).

O número de residentes extranxeiros adscritos ó réxime xeral en Galicia que posúen traballo no ano 1999 é de 2.844, considerando que a distribución porcentual de idade dos estranxeiros residentes é igual tanto para ós afectados polo réxime comunitario como para os do réxime xeral, a taxa de actividade dos residentes adscritos ó réxime xeral é dun 57,6% no ano 1999.

Tendo en conta as especificacións feitas no capítulo dedicado á metodoloxía e terminoloxía sobre os diferentes permisos de traballo, o **cadro 4.8.** mostra a dependencia laboral e os sectores de actividade. En canto ó tipo de permiso, a maior parte dos permisos de traballo son por conta allea. Estes supuñan no ano 1999 o 69,7% (1.983) co que o número de autónomos é do 30,3%. Por sectores económicos, igual que a nivel estatal, a maior suma corresponde ó sector servicios (2.220, un 78% do total, por encima da media estatal, situada no 61%), seguido do sector agrario (243, un 8,5% do total, por debaixo da media estatal, que é do 18,7%), a industria (199, un 6,9% do total, por debaixo da media estatal, situada no 7,3%) e a construción (123, un 4,3% do total, 5,2 puntos por debaixo da media estatal). Polo tanto, obsérvase como a distribución por sectores dos traballadores estranxeiros en Galicia só se atopa por encima da media estatal no sector servicios.


Comparando as porcentaxe de participación nos diferentes sectores económicos no ano 1999 coas que se produciron no ano 1998, obsérvase como, aínda que a orde de importancia dos sectores non varía, si se produce unha reducción da porcentaxe do sector servicios, pasando do 80,4% (2.047) no ano 1998 ó 78% (2.220) no ano 1999, en prol dun lixeiro incremento das porcentaxes de traballadores estranxeiros nos outros tres sectores analizados. Así, o sector agrario pasa do 7,8% (200) ó 8,5% (243); o sector industrial, do 6% (155) ó 6,9% (199); e o sector da construción, do 4,1% (105) ó 4,3% (123).

## CADRO 4.8.

*Traballadores estranxeiros en Galicia (réxime xeral). Distribución por provincias de residencia, sexo, dependencia laboral e sectores de actividade*

	Total	Dependencia laboral		Sexo		Agrario		Non agrario		Servicios	Non clasificable
		Conta alíea	Conta propia	Homes	Mulleres	Industria	Construcción	1998			
<b>Galicia</b>	2.544	1.632	912	1.752	792	200	155	105	2.047	37	
A Coruña	811	528	283	553	258	49	46	47	669		
Lugo	341	232	89	204	137	55	10	14	263	1	
Ourense	395	5.251	144	233	162	8	33	14	326	14	
Pontevedra	997	601	396	762	235	90	66	30	789	22	
<b>Total España</b>	197.074	176.673	20.401	125.781	71.293	37.919	13.230	15.896	123.234	6.795	
<b>Galicia / España</b>	<b>%</b>	1,29	0,92	4,47	1,39	1,11	0,53	1,17	0,66	0,54	
<b>1999</b>											
<b>Galicia</b>	2.844	1.983	861	1.888	956	243	199	123	2.220	59	
A Coruña	839	575	264	557	282	42	74	49	673		1
Lugo	386	296	90	222	164	63	10	12	300		1
Ourense	383	274	109	212	171	5	42	21	308	7	
Pontevedra	1.236	838	398	897	339	133	73	41	939	50	
<b>Total España</b>	172.838	156.543	16.295	110.378	62.460	32.315	12.642	16.396	105.321	6.164	
<b>Galicia / España</b>	<b>%</b>	1,65	1,27	5,28	1,71	1,53	0,75	1,57	0,75	2,11	0,96

Fonte: *Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, Anuario de migraciones 2000*



CADRO 4.9.

*Solicitudes presentadas. Distribuídas por provincias e por sector de actividade*

	Agrup. Servicult. Pesca	Construcción	Hostelaría	Servicio doméstico	Comercio polo miúdo	Industria alimenticia	Resto de actividades	Sen clasificar	Total
<b>Galicia</b>	91	86	315	283	314	5	253	1.411	2.758
A Coruña	72	51	215	153	254	3	123	146	1.017
Lugo	14	14	38	57	47	-	26	108	304
Ourense	-	-	-	-	-	-	-	337	337
Pontevedra	5	21	62	73	13	2	104	820	1.100
<b>Total España</b>	52.855	23.566	12.931	24.151	7.154	653	38.149	84.523	243.982
<b>Galicia/ España %</b>	0,17	0,36	2,44	1,17	4,39	0,77	0,66	1,67	1,13

Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, Anuario de migraciones 2000

CADRO 4.10.

*Regularización 2000. Solicituds distribuídas por tipo de resolución e provincia*

	Total concedidas	Denegadas	Arquivadas	Sen clasif.	En trámite	Total resoltas	Total solicituds	Solicituds resoltas	Concesións resoltas
<b>Galicia</b>	1.770	70	96	-	822	1.936	2.758	70,20	91,43
A Coruña	642	-	24	-	351	666	1.017	65,49	96,40
Lugo	235	40	10	-	19	285	304	93,75	82,46
Ourense	270	16	1	-	50	287	337	85,16	94,08
Pontevedra	623	14	61	-	402	698	1.100	63,45	89,26
<b>Total España</b>	115.757	31.985	3.618	2.022	90.600	153.382	243.982	84,06	83,44
<b>Galicia/ España %</b>	1,53	0,22	2,65	-	0,91	1,26	1,13		

Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, Anuario de migraciones 2000

O **cadro 4.9.** mostra como das 2.758 solicitude presentadas, das que o 70% foron resoltas, o 11,4% correspondía á hostalería, o 11,3% ó comercio polo miúdo, o 10,2% ó servicio doméstico, o 3,2% ó sector agropecuario, silvicultura e pesca e o 3,1% á construción. Desagregando as solicitude presentadas a nivel provincial, destaca a provincia da Coruña, onde se presentaron o 68% das solicitude totais do subsector hostaleiro, o 80% das solicitude totais do comercio polo miúdo, o 54% das solicitude totais do servicio doméstico, e o 79% e o 59% das solicitude totais do sector agropecuario, silvicultura e pesca e da construción, respectivamente.

Como xa se sinalou, e como se mostra no **cadro 4.10.**, das 2.758 solicitude presentadas en Galicia no ano 1999, o 70% (1.936) foron resoltas e o 30% restante están en trámite. Das 1.936 solicitude resoltas, 1.770 (o 91,4%) foron concedidas, 70 (3,6%) foron denegadas e 96 (4,9%), arquivadas.

Por provincia, o maior número de solicitude concedidas corresponde á Coruña, o 36% das totais, seguida de Pontevedra, co 35%. O número de solicitude concedidas nas catro provincias galegas no proceso de regularización de inmigrantes resolto no ano 2000 representa o 1,53% do total de solicitude concedidas no Estado español, mentres que as solicitude presentadas en Galicia son o 1,13% do total do Estado.

O **cadro 4.11.** mostra a evolución do volume de permisos de traballo concedidos na comunidade, así como por provincias, na serie 1996-2000. No ano 1996 concedéronse 1.263 permisos de traballo, apartires dese ano, as concesións de permisos de traballo comezaron a reducirse paulatinamente ata 1999, ano onde comeza a recuperación, alcanzándose no ano 2000 a cifra de 1.770 permisos de traballo concedidos para toda Galicia. Despois dos procesos de regulación levados a cabo ata o ano 2001, no ano 2002 o continxente de traballadores estranxeiros estables e temporais auto-

## CADRO 4.11.

*Permisos de traballo concedidos*

	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
1996	1.263	270	195	223	575
1997	1.199	520	119	188	372
1998	1.201	358	156	169	518
1999	1.634	499	225	179	731
<b>2000</b>	<b>1.770</b>	<b>642</b>	<b>235</b>	<b>270</b>	<b>623</b>

Fonte: INE, *Estadística de variaciones residenciales e Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, Anuario de migraciones 2000*

## CADRO 4.12.

*Permisos de traballo concedidos segundo sexo*

	Homes		Mulleres		Total	
	1998	1999	1998	1999	1998	1999
<b>Galicia</b>	<b>745</b>	<b>1.036</b>	<b>456</b>	<b>598</b>	<b>1.201</b>	<b>1.634</b>
A Coruña	200	334	158	165	358	499
Lugo	84	125	72	100	156	225
Ourense	81	92	88	87	169	179
Pontevedra	380	485	138	246	518	731

Fonte: Ministerio del Interior, *Anuario Estadístico de Extranjería*


rizado para Galicia cobre 233 permisos de traballo.

A distribución entre ambos sexos dos permisos de traballo concedidos nos anos 1998 e 1999 exponse no **cadro 4.12.**, onde se pode observar como o incremento das cifras absolutas de permisos de traballo concedidos ás mulleres nos citados anos non implica un incremento da porcentaxe sobre o total. Ben ó contrario, esta porcentaxe pasa do 38% no ano 1998 ó 36,5% no ano 1999.

Tal como se mostra no **cadro 4.13.**, no continxente para o ano 2002 o 56,6% dos permisos de traballo son temporais e están todos eles destinados á industria da madeira da provincia de Lugo. Dentro do continxente de traballadores estables, o 55,4% dos mesmos pertencen tamén á provincia de Lugo, ós subsectores da madeira e á pesca, repartíndose o 44,6% restante do seguinte xeito: 32% na provincia de Ourense destinado ós subsectores da agricultura e á industria do metal, o 8,9% a Pontevedra no subsector pesqueiro e o 2,9% a A Coruña no sector servicios.

O conxunto dos permisos de traballo concedidos tamén pode ser distribuído en función do sector de actividade ou da ocupación para o que se concede. En relación ó sector de actividade, ó igual que no caso das solicitudes presentadas, o sector cun maior volume de permisos de traballo concedidos no ano 1999 é o sector servicios, co 77,6% do total, reducindo a súa porcentaxe en relación ó ano 1998, onde era do 79,6%. Neste senso, o **cadro 4.14.** mostra o número de traballadores estranxeiros con permiso de traballo en vigor segundo o sector de actividade. Dos 2.865 traballadores con permiso en decembro do ano 1999, o 78% estaban empregados no sector servicios, o 8,5% no sector agrario, o 6,9% na industria, o 4,3% na construción e o 2% restante en actividades non clasificables. Estas porcentaxes contrastan coa distribución dos continxentes de traballadores estables e temporais no ano 2002 comentada anteriormente (**cadro 4.13.**).

O **cadro 4.15.** desagrega os permisos de traballo concedidos nos anos 1998 e 1999 en función da ocupación. Dos 1.634 permisos de traballo con-



## MOVIMENTOS MIGRATORIOS EN GALICIA

**CADRO 4.13.**

*Continxente de traballadores estranxeiros estables e temporais 2002: distribución segundo ocupación e sectores económicos*

	Construcción	Hostelería	Transportes	Comercio	Agricultura	Ind.Metal	Ind.Textil e confección	Ind. Madeira	Ind. Aliment.	Outras Ind.	Pesca	Servicios	Total traballadores estables	Total traballadores temporais	Total
<b>A Coruña</b>	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	3	3	3
9110 Empregados do fogar	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
<b>Lugo</b>	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
3051 Oficiais maquinistas	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
6322 Pescadores P.C.A. Auga doce e costeiras	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
8141 Ops.Servir/Maq/Contracins.Trat.Madeira	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
<b>Traballadores temporais</b>	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Ourense	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
6021 Trab.Cual/P.C.A.Act.Agr.Ex.Hort.Viver.	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
7292 Paquieiros, soldadores e assimilados	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
<b>Pontevedra</b>	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
6322 Pescadores P.C.A. Auga doce e costeiras	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
<b>Total Continxentes Galicia</b>	6.567	458	555	-	29	4	-	164	-	283	33	3	101	132	233
<b>Total continxentes España</b>	-	-	-	-	16.750	1.972	22	330	1.400	-	43	3.537	10.884	21.195	32.079
<b>% continxentes Galicia/España</b>	-	-	-	-	0.47	0.120	-	49.70	-	76.74	0.08	0.93	0.62	0.73	-

Fonte: [Ministerio de Trabajo, Dirección General de Ordenación de las Migraciones](http://www.mitas.es/migraciones/conting02/default.htm)  
[http://www.mitas.es/migraciones/conting02/default.htm (última revisión: 18-02-2002)]

CADRO 4.14.

**Traballadores extraneiros con permiso de traballo en vigor a 31 de decembro, segundo sector de actividade**

	Agrario		Industria		Construcción		Servicios		Non clasificables		Total	
	1998	1999	1998	1999	1998	1999	1998	1999	1998	1999	1998	1999
<b>Galicia</b>	200	246	155	199	105	124	2.047	2.237	37	59	2.544	2.865
A Coruña	49	43	46	74	47	49	669	673	-	1	811	840
Lugo	53	64	10	10	14	12	263	302	1	1	341	389
Ourense	8	6	33	42	14	22	326	308	14	7	395	385
Pontevedra	90	133	66	73	30	41	789	954	22	50	997	1.251


Fonte: Ministerio del Interior, Anuario Estadístico de Extranjería

CADRO 4.15.

**Permisos de traballo concedidos segundo ocupación**

	Dirección de empresas e de administracións		Técnicos e profesionais científicos e intelectuais		Técnicos e profesionais de apoio a empresarios administrativos		Traballadores servicios de restauración, persoais, protección e vendedores		Traballadores clauificados		Empregados domésticos e outro persoal de limpeza		Peóns da agricultura e da pesca		Outros traballadores non cualificados		Traballadores non clasificables		Total			
	1998	1999	1998	1999	1998	1999	1998	1999	1998	1999	1998	1999	1998	1999	1998	1999	1998	1999	1998	1999	1998	1999
<b>Galicia</b>	46	69	123	125	146	199	190	252	132	211	241	306	30	46	276	392	17	34	1.201	1.634		
A Coruña	18	24	70	89	43	61	57	55	30	51	76	66	7	8	57	143	-	2	358	499		
Lugo	4	9	8	6	16	19	42	58	11	17	38	58	14	25	22	33	1	-	156	225		
Ourense	2	10	8	4	26	27	27	29	18	29	57	51	4	5	25	24	2	14	169	179		
Pontevedra	22	26	37	26	61	92	110	73	114	70	131	5	8	172	192	14	32	518	731			

Fonte: Ministerio del Interior, Anuario Estadístico de Extranjería



CADRO 4.16.

*Movemento migratorio: emigración, retorno e saldo*

	Países europeos			Países non europeos		
	Emigración	Retorno	Saldo	Emigración	Retorno	Saldo
<b>Galicia</b>						
1996	949	4.118	-3.169	2	1.824	-1.822
1997	616	4.164	-3.548	1	1.892	-1.891
1998	507	4.224	-3.717	1	1.747	-1.746
1999	525	4.496	-3.971	-	2.111	-2.111
<b>España</b>						
1998	660	17.615	-16.955	310	12.556	-12.246
1999	645	20.201	-19.556	207	15.221	-15.014

Fonte: *Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, Anuario de migraciones 2000*

cedidos no ano 1999, o 23,9% pertencen o grupo de “outros traballadores non cualificados” (un punto por debaixo da porcentaxe do ano anterior); o 18,7%, a empregados domésticos e outro persoal de limpeza (máis dun punto por debaixo da porcentaxe do ano anterior); o 15,4%, a traballadores de servicios de restauración, persoais, protección e vendedores; o 12,9% e o 12,1%, a traballadores cualificados e a técnicos e profesionais de apoio e empregados administrativos, respectivamente; o 7,6%, a técnicos e profesionais científicos e intelectuais; o 4,2%, a dirección de empresas e de administracións públicas; o 2,8% son peóns de agricultura e da pesca; e o 2% restante asígnase a traballadores non clasificables.

No que respecta ós movementos migratorios de galegos fóra de España, o **cadro 4.16.** mostra a evolución dos fluxos de emigración desde o ano 1996 ata o ano 1999, distinguindo entre a emigración a países europeos e a que ten o seu destino fóra de Europa.

No caso da emigración a países europeos, obsérvase unha progresión descendente no número de emigrantes ata o ano 1999, onde se reflicte un lixeiro repunte. Deste xeito, pásase de 949 emigrantes no ano 1996 a 525 no ano 1999, evolución contraria á que experimenta o volume de retornados de países europeos, que crece ininterrompidamente en toda a serie. A emigración de galegos a Europa representa o 76,8% e o 81,3% da emigración total española a países europeos nos anos 1998 e 1999, respectivamente. É dicir, no ano 1999 oito de cada dez emigrantes españoles a Europa eran galegos.

Dadas as cifras de emigración e retorno a/de países europeos dos cidadáns galegos, o saldo resultante é negativo en 3.971 persoas en 1999.

No que respecta á emigración a países non europeos, constátase a mesma tendencia na evolución do número de emigrantes que no caso da emigración a Europa, é dicir, existe un descenso progresivo no volume de emigrantes e un aumento no número de retornados, chegando a ser nula a emigración a países non europeos de galegos no ano 1999.

O **cadro 4.17.** permite facer unha comparación entre as cifras de emigrantes de distintas comunidades autónomas nos anos 1998 e 1999. Galicia salienta en canto o número de emigrantes a países europeos, seguida de Andalucía, mentres que no eido da emigración fóra de Europa as comunidades cun maior fluxo de emigrantes son Cataluña, Andalucía e Madrid, tendo en conta as cifras do ano 1999.

Dado que, tal como se sinalou anteriormente, a emigración máis importante en Galicia é a que ten por destino países europeos, o **cadro 4.18.** presenta unha distribución da emigración a países europeos en función de que esta teña carácter temporal ou permanente. A evolución tanto da emigración temporal como da permanente é decrecente na serie analizada, destacando pola súa importancia numérica a emigración de temporada, que representa no ano 1999 o 99,8% da emigración total a Europa. Polo tanto, a emigración permanente a Europa é, tanto en Galicia como en España, residual. Malia que a emigración evoluciona

## CADRO 4.17.

*Movemento migratorio distribuído por Comunidades Autónomas, emigración, retorno e saldo*


	Países europeos			Países non europeos		
	Emigración	Retorno	Saldo	Emigración	Retorno	Saldo
<b>Andalucía</b>						
1998	79	2.769	-2.690	97	1.084	-987
1999	74	3.283	-3.209	55	1.264	-1.209
<b>Aragón</b>						
1998	-	236	-236	-	194	-194
1999	-	314	-314	-	220	-220
<b>Asturias</b>						
1998	3	531	-528	20	407	-387
1999	2	621	-619	5	373	-368
<b>Baleares</b>			0			0
1998	-	196	-196	-	217	-217
1999	-	223	-223	-	314	-314
<b>Canarias</b>						
1998	-	388	-388	3	1.477	-1.474
1999	-	398	-398	2	1.614	-1.612
<b>Cantabria</b>						
1998	-	193	-193	-	159	-159
1999	-	249	-249	-	154	-154
<b>Castela- A Mancha</b>						
1998	2	311	-309	6	151	-145
1999	1	380	-379	1	182	-181
<b>Castela e León</b>						
1998	7	988	-981	15	396	-381
1999	7	1.106	-1.099	2	503	-501
<b>Cataluña</b>						
1998	2	1.940	-1.938	50	1.666	-1.616
1999	-	2.173	-2.173	56	2.028	-1.972
<b>C. Valenciana</b>			0			
1998	2	1.789	-1.787	14	734	-720
1999	1	2.115	-2.114	10	929	-919
<b>Extremadura</b>						
1998	44	382	-338	1	63	-62
1999	45	361	-316	1	89	-88
<b>Galicia</b>						
1998	507	4.224	-3.717	1	1.747	-1.746
1999	525	4.496	-3.971	-	2.111	-2.111
<b>Madrid</b>						
1998	12	2.295	-2.283	61	3.062	-3.001
1999	3	2.887	-2.884	39	3.836	-3.797
<b>Murcia</b>						
1998	-	433	-433	1	136	-135
1999	-	546	-546	-	131	-131
<b>Navarra</b>						
1998	-	164	-164	2	131	-129
1999	-	149	-149	1	209	-208
<b>País Vasco</b>						
1998	2	695	-693	39	521	-482
1999	7	784	-777	35	583	-548
<b>A Rioxá</b>						
1998	-	52	-52	-	56	-56
1999	-	59	-59	-	58	-58
<b>Ceuta e Melilla</b>						
1998	-	24	-24	-	46	-46
1999	-	31	-31	-	58	-58
<b>Non consta</b>						
1998	-	5	-5	-	309	-309
1999	-	26	-26	-	565	-565
<b>Total 1998</b>	660	17.615	-16.955	310	12.556	-12.246
<b>Total 1999</b>	665	20.201	-19.536	207	15.221	-15.014

Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, Anuario de migraciones 2000

negativamente na serie, descendendo o número de emigrantes galegos a Europa, é importante ter en conta que a reducción deste tipo de emigración en Galicia é menor que a reducción media do Estado español. Así, a porcentaxe de emigrantes de tem-

porada galegos a Europa en relación ó total estatal pasa do 78,41% en 1996 ó 81,37% no ano 1999.

No que á emigración respecta, outra variable a ter en conta é o volume total de galegos residen-



CADRO 4.18.

*Emigración permanente e temporal a Europa nos anos 1996-1999*

	Galicia	España	Galicia/España %
<b>Emigración permanente</b>			
1996	1	10	10,00
1997	2	7	28,57
1998	2	3	66,67
1999	1	1	100,00
<b>Emigración de temporal</b>			
1996	948	1.209	78,41
1997	614	803	76,46
1998	505	657	76,86
1999	524	644	81,37

Fonte: *Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, Anuario de migraciones 2000*

tes no estranxeiro. A falta de censos máis precisos fai que a mellor aproximación a este volume sexa a través do Censo Electoral de Residentes Ausentes, coa limitación que supón a non consideración dos emigrantes menores de 18 anos e de aqueles non censados.

No **cadro 4.19.** reflíctese que en decembro do ano 2001 estaban rexistrados 244.555 galegos residentes no estranxeiro con derecho a voto, dos que 37,95% eran naturais da provincia de A Coruña, o 28,99% de Pontevedra, o 20,87% de Ourense e o 12,18% restante de Lugo.

As porcentaxes de residentes con derecho a voto por continentes son as seguintes: o 64% residen no continente americano e o 35,4% en Europa. O 0,8% restante repártese en Oceanía, África e Asia.

Dentro do continente americano, destaca, en primeiro lugar, Arxentina, co 44,4% dos electores residentes no continente e co 28,4% dos electores totais residentes no estranxeiro, seguida de países como Uruguai, con porcentaxes do 18,5% e do 11,9%, Venezuela, co 15,1% e o 9,6%, e Brasil, co 11,8% e o 7,5% dos electores do continente e totais, respectivamente.

O segundo continente en importancia en canto ó número de residentes galegos con derecho a voto é Europa, na que salienta Suíza, onde reside o 41,4% dos galegos residentes en Europa con derecho a voto e o 15,5% dos totais, seguida de Alemania, co 16,6% dos residentes europeos e o

5,8% dos totais, de Francia, co 16,4% dos residentes europeos e o 5,7% dos totais, e do Reino Unido, co 11,8% e o 4,1%, respectivamente.

O número de residentes galegos con derecho a voto no continente africano, asiático e en Oceanía tiene carácter residual, destacando tan só os residentes galegos en Australia.

Outro factor importante á hora de analiza-la evolución e características dos movementos migratorios exteriores en Galicia é o fluxo de retornados. O **cadro 4.20.** mostra o número de retornados, contabilizados mediante as baixas consulares, que se produciron en Galicia no ano 1999.

Desagregandoos segundo o lugar de procedencia, dos 6.607 retornados a Galicia no ano 1999, o 68% procedían do continente europeo (concretamente o 25% da UE e o 43% do resto de Europa). O 32% restante procedía de América do Centro e do Sur (26,6%), América do Norte (4%), Oceanía (0,5%), África (0,4%) e Asia (0,4%). O total de retornados a Galicia no citado ano representa o 18,6% do conxunto de retornados ó Estado español. Destaca a porcentaxe de retornados da Europa non comunitaria a Galicia, que representa o 44,4% dos retornados totais desta área xeográfica a España. É tamén importante a porcentaxe de retornados de América Central e do Sur que é do 17,3% do total estatal. Por provincias, salienta A Coruña, co 44,1% dos retornados totais a Galicia, seguida de Pontevedra, co 30,7%, destacando polo seu número os retornados procedentes do resto de

## CADRO 4.19.

*Electores galegos residentes no estranxeiro: distribución segundo continentes e países de residencia 2001*

	Electores	Electores / Total
		%
<b>Europa</b>	85.960	100
Austria	25	0,03
Bélgica	2.199	2,56
Dinamarca	90	0,10
Finlandia	9	0,01
Francia	14.170	16,48
Grecia	20	0,02
Irlanda	36	0,04
Italia	402	0,47
Luxemburgo	344	0,40
Noruega	83	0,10
Paises Baixos	2.901	3,37
Portugal	3.121	3,63
Andorra	1.916	2,23
Reino Unido	10.214	11,88
Alemaña	14.291	16,63
Suecia	151	0,18
Suiza	35.598	41,41
Outros	390	0,45
<b>América</b>	156.656	100
Canadá	1.165	0,74
EE. UU.	6.521	4,16
México	3.678	2,35
Cuba	1.179	0,75
Panamá	931	0,59
Rep. Dominicana	600	0,38
Arxentina	69.698	44,49
Brasil	18.537	11,83
Colombia	254	0,16
Chile	874	0,56
Perú	363	0,23
Uruguai	29.122	18,59
Venezuela	23.676	15,11
Outros	58	0,04
<b>África-Asia-Oceanía</b>	1.939	100
<b>Total por provincias</b>	244.555	100
A Coruña	92.809	37,95
Lugo	29.796	12,18
Ourense	51.049	20,87
Pontevedra	70.901	28,99

Fonte: IGE, Boletín de actualidade estatística

## CADRO 4.20.

*Retornados. Baixas consulares 1999*

	Total	Europa		Africa		América		Asia	Oceanía
		UE	Resto			Norte	Centro e sur		
<b>Galicia</b>	6.607	1.654	2.842	30	261	1.762	25	33	
A Coruña	2.917	616	1.540	14	128	594	11	14	
Lugo	464	129	166	2	13	152	1	1	
Ourense	1.195	317	483	2	38	345	4	6	
Pontevedra	2.031	592	653	12	82	671	9	12	
<b>Total España</b>	35.422	13.809	6.392	1.326	2.312	10.158	1.038	387	
<b>Galicia/España %</b>	18,65	11,98	44,46	2,26	11,29	17,35	2,41	8,53	

Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, Anuario de migraciones 2000

Europa no caso da provincia de A Coruña, mentres que en Pontevedra salientan os procedentes do Centro e Sur América. ■